

**Facer**

**Valer**

**Galiza**

**Con Voz  
Propia**

Con  
30  
ideas  
**claras**



30  
ideas  
claras  
**para as  
xerais  
novembro  
2019**

# 01 Con Voz Propia

Galiza precisa contar con voz propia en Madrid e só unha forza política como o BNG ten liberdade plena para defender, sen ningún tipo de submisión nin dependencia, os nosos lexítimos dereitos como pobo. O BNG nunca fallou na defensa de Galiza. Ese é o noso mellor aval: somos quen sempre defende os intereses do pobo galego.

# 02 Soberanía para vivirmos mellor

O actual marco constitucional e estatutario non serve para resolver os principais problemas sociais e económicos do noso País. Por iso apostamos na necesidade de o superar. Galiza debe ver recoñecido o dereito de autodeterminación e tamén ter a posibilidade de o exercer. O BNG defenderá a ruptura democrática para que a Galiza poida asumir a soberanía por medio dun proceso constituínte propio. A asunción da soberanía política é premisa básica para que calquera proceso político posterior de articulación institucional parta da decisión libre e non condicionada do pobo galego, en relación exclusivamente cos seus intereses nacionais e populares. É tamén a garantir de termos a capacidade de decidir sobre os nosos asuntos para podermos mellorar as condicións de vida e de benestar do noso pobo.

# 03

## Máis poder para a Galiza

Entretanto se mantiver o actual marco institucional, traballaremos por avanzar en todos os ámbitos que signifiquen máis poder para a Galiza e máis capacidade para decidir desde o goberno e a administración galega. Nesa liña, defendemos un novo modelo de financiamento baseado no concerto económico que parta de que a Galiza recade todos os impostos e teña capacidade para decidir como os inviste; posta en marcha dunha Facenda Galega; transferencia das competencias en materia de relacións laborais, de Seguranza Social e pensións; traspaso das competencias en materia de seguranza pública, policía xudicial e fiscal, así como garda de tránsito, para o que será despregado o corpo da Policía Galega; control público dos nosos recursos, dos sectores estratéxicos da economía e, especialmente da produción de enerxía. Derrogación de todas as leis recentralizadoras que invaden as competencias da Galiza.

# 04

## Economía ao servizo das maiorías sociais

As forzas políticas estatais comparten unha visión dependente de Galiza e da nosa economía, que favorece unha explotación inxusta dos nosos recursos, posibilita o espolio do noso aforro e impide articular un modelo económico máis xusto e equitativo, ao servizo das maiorías sociais. Nós apostamos en reactivar sectores económicos estragados polas decisións de Madrid e Bruxelas, como o naval, a pesca ou o agro; crear e desenvolver outros con grandes potencialidades de futuro, como o tecnolóxico e o vinculado a actividades emerxentes; crear emprego e acabar coa emigración da nosa mocidade.

# 05

## **Pór o noso país a producir. Apoio a autónomos e comercio.**

Política real de reindustrialización con apoio aos sectores en crise e especial atención aos sectores emerxentes. Apoio ás pequenas e medias empresas (PEMES), ás persoas autónomas e ao pequeno comercio. Rebaixar a presión fiscal para pequenas e micro-empresas así como para as cooperativas. Política real de impulso ao sector da construción naval civil, que pode recuperar o seu papel nas rías de Vigo e Ferrol.

# 06

## **Máis Galego, Máis Galiza**

Asumimos publicamente o compromiso de traballar en todos os ámbitos que corresponder pola plena restauración dos usos sociais e a completa normalización do galego. Proceder á mudanza pertinente para establecer a igualdade legal de galego e castelán. Aspiramos a unha Galiza en que todas as galegas e galegos poidamos vivir con normalidade na nosa lingua. Queremos asegurar a presenza habitual do idioma galego e das expresións e creacións culturais galegas nos medios de comunicación públicos estatais, dado que son medios que os galegos e galegas tamén contribuímos a financiar.

# 07

## **Pola Democracia, os Dereitos e as Liberdades**

Na última década vivimos unha profunda crise económica, territorial e social no Estado español, que puxo aínda máis de manifesto a inxustiza dun sistema e dunhas políticas ao servizo dos poderosos, que castigou con dureza o pobo, os traballadores e traballadoras e os sectores sociais máis vulnerábeis e puxo en marcha un proceso agresivo de involución democrática e recorte de dereitos e liberdades. O BNG defenderá a derogación da Lei da mordaza e das reformas regresivas do Código Penal, que permite accións arbitrarias da policía ou da xudicatura neofranquista que vulneran, en moitas ocasións, dereitos esenciais; a derogación da lei de amnistía aprobada na transición; a recuperación do Pazo de Meirás e de todos os bens espoliados por Franco, e apoiará todas as propostas que foren en sentido democratizador no social e no nacional e defenderá con firmeza avanzar en dereitos e liberdades desde os nosos valores democráticos e republicanos.

# 08

## **As contas públicas, nas mans das galegas e galegos**

Galiza achega por cima de 1.100 millóns de euros máis ao Estado pola vía de tributos do que o Estado gasta na Galiza ou transfere ás Administracións Galegas. Hoxe o estado é un buraco sen fondo que recada para atender as necesidades do goberno central e para financiar a débeda provocada polas políticas especulativas ao ditado dos grandes lobbys. Se non quixermos continuar a perder diñeiro, Galiza debe poder recadar todos os impostos e ter capacidade para decidir como invéntilos mediante un sistema de concerto económico e fiscal. Todas as empresas que exercen a súa actividade na Galiza deben tributar aquí. Reforma do financiamento local para evitar que cada persoa veciña dun concello galego reciba 50 euros menos que a media estatal. Revisión do IRPF para facelo realmente progresivo. Impostos específicos aos beneficios das grandes empresas e ás grandes fortunas, ás transaccións financeiras e aos produtos de luxo. Reducir o IVE facendo ademais que os bens e servizos esenciais e culturais tributen no tramo superreducido.

09

## Emprego estábel e de calidade

Derrogar as contrarreformas laborais e restaurar plenamente a negociación colectiva como principio básico das relacións laborais. Retomar unha regulación máis equitativa, para asegurar que a contratación indefinida sexa a regra xeral e eliminar os contratos lixo. Suba do salario mínimo interprofesional, garantindo condicións de vida dignas. Reducir a xornada laboral a 35 horas sen redución de salario. Eliminar as Empresas de Tráballo Temporal (ETT), a subcontratación en cadea e as falsas/os autónomas/os. Desenvolver o Marco Galego de Relacións Laborais. Eliminar a taxas de reposición de efectivos nas administracións.

10

## Pensións dignas e sistema público garantido

Asumir na Galiza a competencia da xestión do réxime económico da Seguranza Social. Derrogar a Lei 27/ 2011 que supuxo unha contrarreforma brutal das pensións. Elevar progresivamente a pensión mínima (que deberá coincidir co SMI) a comezar pola súa equiparación até o 60% do Salario Medio, para impedir bolsas de pobreza entre a nosa xente de idade, especialmente importante na Galiza porque é onde hai a maior proporción de pensións mínimas. A partir de aí, compromiso legal de que as pensións se revaloricen, polo menos, segundo o IPC. Estabelecer a xubilación ordinaria aos 65 anos e a parcial aos 61 anos.

# 11

## Controlar a banca privada. Banca pública galega

O proceso de concentración bancaria, que supuxo a desaparición das caixas galegas, provocou que grande parte do aforro do noso país vai agora para fóra, fornecendo de crédito a outras partes do Estado. Trátase dunha outra condición que explica o afogamento do tecido produtivo do país. Por iso é preciso derrogar a lei bancaria que invade competencias galegas para promover a Banca Pública galega como ferramentas de desenvolvemento produtivo para apoiar as PEMES, autónom@s e familias. Regulación estrita da banca para impedir os abusos e limitar a especulación de capital en beneficio do investimento e o crédito produtivos. Recuperación íntegra das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras.

# 12

## Un rural con futuro

Combater as políticas españolas e comunitarias que sometieron o sector agro-gandeiro galego a un profundo proceso de reconversión, con perda significativa de capacidade produtiva e de emprego agrario, provocando un gravísimo problema demográfico e de desertización do medio rural. O noso rural ten futuro con políticas que apoiem a redibilidade da produción leiteira e agro-gandeira e a industria transformadora. Apoio aos circuitos curtos de comercialización e de transformación por parte das propias persoas produtoras e aposta na produción diferenciada e de calidade.



# 13

## Un mar vivo

Galiza é a primeira potencia de Europa no complexo mar-industria: captura de peixe, extracción de marisco (en cantidade e calidade), tamaño de frota, poboación dependente desta actividade, produción conserveira e mexilloeira, etc... No entanto, o feito de seren outros -Madrid e Bruxelas- os que deciden por nós prexudicou e continúa a prexudicar gravemente a nosa frota pesqueira e a actividade derivada. Precisamos decidir sobre o noso mar e que sexa a Galiza a que negocie directamente os tratados pesqueiros con terceiros países. No inmediato reclamamos a participación directa de Galiza na reforma da Política Pesqueira Común (PP, un modelo de reparto xusto, en función de criterios socioeconómicos e sustentábeis e unha cota galega de acordo ao número de embarcacións e empregos. Exixencia de que a pescar artesanal fique exenta de TAC's e cotas.

# 14

## Tarifa eléctrica galega e enerxía renovábel

Galiza produce electricidade e é excedentaria. No entanto, para alén de pagarmos os custos ambientais da produción, tamén temos que pagar os custos de transporte da electricidade que exportamos, especialmente a Madrid. Esta é unha situación inxusta que prexudica as familias e as empresas. Por iso defendemos unha Tarifa eléctrica galega que permita que pague-mos por volta dun 30% menos e as empresas galegas reduzan custos, garantindo os empregos, especialmente na industria electrointensiva. Mudar a regulación do sector para romper o peso dos grandes monopolios eléctricos. Apoio ás enerxías renovábeis e ao autoconsumo. Prohibición do 'fraking'.

# 15

## Apoio á investigación para a innovación e o desenvolvemento

Asunción na Galiza das políticas de I+D+i e Plan de choque, incrementando os recursos públicos, para consolidar capacidades apostando no coñecemento e a innovación nas vellas e novas actividades. Reforzar os centros públicos de investigación, as Universidades e os centros tecnolóxicos máis ligados ao tecido produtivo. Reter investigador@s e repatriar esa xeración expulsada nos últimos anos. Suprimir a I+D militar que hoxe absorbe a maior parte dos recursos públicos para os destinar a fins civís, sociais ou medioambientais.

# 16

## Políticas feministas para avanzar nos dereitos das mulleres

A igualdade debe ser unha prioridade política. O BNG comprométese a impulsar todas as políticas dirixidas a incrementar e mellorar os recursos e actuacións destinadas a avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes e na loita contra a violencia machista así como garantir plenamente os dereitos xa conquistados. Introducir o termo Feminicidio no marco legal e impulsar o desenvolvemento dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Introducir no marco legal o concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais. Creación de xulgados exclusivos de violencia machista nas sete cidades galegas. Oporse á legalización da práctica das barrigas de aluguer.

# 17

## Máis dereitos para a mocidade

Deseñar políticas de fomento do emprego xuvenil co fin de crear emprego estábel e unhas condicións laborais dignas, garantir o dereito efectivo ao traballo e acabar coa emigración. Promover a participación democrática activa da xuventude na vida pública e o dereito de voto aos 16 anos. Garantir o acceso a unha formación de calidade e desenvolver un plan de choque para o retorno das persoas mozas emigradas por causa da crise económica.

# 18

## Dereitos LGTBI

Combater calquera tipo de discriminación por causa da orientación sexual. Incorporar dun modo real e transversal a diversidade afectivo- sexual na lexislación, especialmente en materia de dereitos civís e política social. A prohibición total das denominadas 'terapias de conversión' por seren anti-científicas e por atentaren contra a dignidade e a liberdade das persoas LGBT. Promover a elaboración dun Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. A aprobación dunha lei integral do recoñecemento do dereito á identidade de xénero e que elimine definitivamente a necesidade de diagnóstico de "disforia de xénero" mediante informes médicos ou psicolóxicos, co fin de acabar coa patoloxización das persoas trans.

# 19

## Servizos públicos de calidade

Garantir servizos públicos, universais e gratuítos é esencial para camiñarmos para unha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria e mesmo para evitar o sufrimento das persoas e o risco de exclusión social. Por iso defendemos asegurar a xestión pública directa e con recursos, investimento e persoal suficiente para que os servizos sexan prestados con criterios sociais e cubran as necesidades da totalidade da sociedade. A supresión de toda a lexislación que obstaculiza a reversión ou rescate da xestión directa dun servizo ou o cambio de xestión privada a pública de diferentes servizos públicos. Tamén é necesaria a supresión da taxa de reposición de efectivos fixada centralizadamente polo estado para controlar e impedir pola vía da ausencia de persoal a prestación pública dos servizos.

# 20

## Ensino galego de calidade

Derrogar a LOMCE e asumir todas as competencias en materia educativa, para poder elaborar os plans de estudo e os deseños curriculares e para organizar todas as ensinanzas mediante unha Lei Galega de Educación. Defender o ensino público e, por conseguinte, eliminar os concertos educativos dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, así como no ensino non obrigatorio, co obxecto de promover a súa supresión en todos os niveis educativos. Aumentar os orzamentos destinados á educación para lle dedicar, no mínimo, 7% do PIB. Apostar nun ensino laico quitando a Relixión, como cuestión que corresponde ao ámbito privado, dos centros educativos. Conxelar as taxas universitarias e dedicar 1,5% do PIB ás Universidades públicas.

# 21

## Sanidade pública e universal

Restituír o dereito universal á sanidade pública suprimindo o copagamento e as restricións no acceso á atención sanitaria. Derrogar as normas aprobadas para recentralizar as decisións sanitarias e acabar coa universalidade no acceso. Garantir o financiamento suficiente e a xestión pública para unha sanidade universal e de calidade. Incorporar progresivamente a asistencia odontolóxica gratuíta até os 18 anos. Reforzar as áreas máis deficitarias. Potenciación da atención primaria. Regular o dereito a unha morte digna.

# 22

## Garantir a protección social e condicións de vida dignas

Asegurar o dereito a unha vivenda digna e prohibir o corte de servizos básicos. Mudanza das leis hipotecaria e bancaria para protexer de modo efectivo as persoas –en especial as máis vulnerábeis- fronte á banca. Dación en pagamento e prohibición de desaloxo de familias cando for a súa primeira e única vivenda. Incrementar o gasto global en protección social até atinxir, como mínimo, o gasto medio en protección social do conxunto da Unión Europea. Reclamar os 188 millóns de euros que o Estado adebeda en concepto de financiamento da Lei de dependencia e rexeitar o copagamento. Aplicar un programa específico para a loita e erradicación da pobreza e a exclusión social. Erradicación das distintas fendas (salariais, estabilidade...) derivadas do xénero e a identidade.

# 23

## Infraestruturas públicas ao servizo do país

Asunción na Galiza da xestión de infraestruturas claves para unha estratexia de país: portos de interese xeral, aeroportos e autoestradas. A AP-9 e AP-53 serán transferidas á Galiza e pasarán a xestión pública para acabar con portaxes abusivas que só serven para o lucro de empresas privadas. Completar infraestruturas dos camiños de ferro priorizando as que articulan o País, coa mellora da rede ferroviaria interior (FEVE, Eixo Atlántico...). Asunción de responsabilidades após unha exhaustiva investigación sobre o accidente de Angrois.

# 24

## Defensa do medio e dos animais

Apostar por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico e adaptado a un futuro sen enerxías fósiles para garantir a sustentabilidade para as xeracións presentes e tamén futuras. En particular, tomaremos parte activa na defensa de todas as medidas que combatan o cambio climático. Revogar a prórroga de ENCE en Pontevedra. Acometer o saneamento integral das rías galegas, e dispor e equipar unha rede de bases de loita contra a contaminación do medio mariño ao longo de todo o corredor marítimo fronte á costa galega. Recoñecer a propiedade comunitaria do monte. Prohibir todo tipo de acto de tortura contra os animais, incluídas as touradas.

# 25

## Acabar coa evasión fiscal e perseguir a fraude

Persecución efectiva da evasión de capitais fiscal, con nova normativa e con nova política inspectora centrada nos bancos, nos fondos, nas grandes empresas e grandes patrimonios. Para soster a longo prazo servizos públicos de calidade e dispor de recursos para a dinamización económica precisamos acabar coa fraude e a evasión fiscal, realizada sobre todo polas grandes empresas e fortunas. Avanzar na xustiza fiscal co criterio de que pague máis quen máis ten e favorecer as clases populares.

# 26

## Supresión de institucións inútiles e custosas

En canto a Galiza faga parte do Estado español, debemos reclamar a supresión de institucións que supoñen un gasto importante e carecen de calquera tipo de funcionalidade. Así, defendemos a desaparición das Deputacións provinciais, dos ministerios con competencias transferidas, da Delegación e Subdelegacións do Goberno, do Senado e da Casa Real.

# 27

## Máis participación, máis democracia

Nova Lei de Consultas Públicas para aprofundar na democracia directa e normalizar a realización de referendos vinculantes en asuntos de interese, incluído o dereito de autodeterminación. Reforma electoral democratizadora: Galiza circunscrición electoral, eliminación da porcentaxe mínima, fin á Lei D'Hont e reparto proporcional directo, obrigatoriedade do voto secreto en cabina, prohibición de reparto de papeletas e garantía de debates en campaña. Voto aos 16 anos. Defensa da laicidade e da derogación do Concordato de 1979. Os bens da Igrexa deberán pagar o IBI. Eliminación da simboloxía relixiosa nas administracións e institucións públicas e supresión da materia de Relixión no ensino.

# 28

## Defensa dun ideario anti- imperialista e política de paz

Supresión do gasto militar. Saída da OTAN e defensa dunha política internacional respectuosa coa soberanía dos pobos e baseada na paz e a non inxerencia. Destinar o gasto militar a políticas sociais e de desenvolvemento.



# 29

## Con orgullo do que somos

Queremos contribuír para unha Galiza orgullosa de si propia que, partindo da súa historia, valorice o seu patrimonio e desenvolva plenamente a cultura e a capacidade creativa do pobo galego. Unha Galiza que camiñe con decisión para un futuro diferente, de prosperidade, de benestar e de liberdade.

# 30

## Con confianza no pobo galego

Para progresar, para saír do estancamento, para facerse valer, Galiza ten de confiar nas propias forzas. Nós confiamos na capacidade do pobo galego, que xa ten demostrado moitas veces que é capaz de afrontar as dificultades e de superalas con éxito. Tamén agora será capaz de falar alto e claro para defender os seus dereitos, os dereitos de todos e todas as galegas.